

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2015 pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión para o ano 2015 á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec).*

De conformidade co previsto no artigo 8.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade a unha encomenda de xestión para o ano 2015 do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec), coas seguintes características:

– Actividade: realización dos servizos para a elaboración dun estudo e a divulgación sobre as posibilidades de emprego de biomasa con fins térmicos no sector agroalimentario e en redes de calor en Galicia.

– Natureza e alcance da xestión encomendada: esta encomenda ten natureza intra-subxectiva ao ter Tragsatec a consideración de medio instrumental e técnico da Administración, segundo o disposto na disposición adicional vixésimo quinta do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: ata o 31 de decembro de 2015.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2015

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

